

Todo un carácter

VICENTE ARAGUAS



**ROSALÍA DE CASTRO VISTA
POR MANUEL MURGUÍA**
EDICIÓN E PRÓLOGO DE VICTORIA
ÁLVAREZ RUIZ DE CASTRO

Editorial Galaxia, Vigo, 2023

Manuel Murguía era aquel home barudo e pequecho, que facía medrar a súa figura cunha chistera de sete estalos. Murguía era aquel home, faldeiro e trasno, que moito desgustaba a Rosalía, disque, coas súas andainas de cesante perenne pola xeografía española. E hai algunha carta de Rosalía na que se deixa ver cousa tal; o que nunca saberemos son as alusións que podería haber na obra inédita da santiaguesa que ardera en pira autoimposta nos seus días derradeiros. Na que, se cadra, habería material pouco grato para Don Manuel.

O conto é que este foi fidelísimo da súa esposa, unha vez morta. Iso si, cun celo teimoso de máis no que se refire ás "fatigas" padecidas por Rosalía; evidentes, mais arralanas no obsesivo de parte de Murguía. De quen vén de saír a súa prosa enteira relativa a nosa nacional poeta, nun libro en edición e notas de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda e prólogo de Xesús Alonso Montero. O volume, compridiño, leva por título "Rosalía de Castro vista por Manuel Murguía" (Editorial Galaxia, Vigo, 2023), e é toda unha exhibición de poderío, el, tamén, "empoderado", por parte dun home que combinaba sabedoría con carraxe, e aí de quen lle entrase á muller de quen el

O conto é que este foi fidelísimo da súa esposa, unha vez morta. Iso si, cun celo teimoso de máis no que se refire ás "fatigas" padecidas por Rosalía; evidentes, mais arralanas no obsesivo de parte de Murguía

era viúvo. Por exemplo, a Condesa de Pardo Bazán, quen ousara ningunear a Rosalía nunha mítica velada necrolóxica en Coruña.

E precisamente en "La Voz de Galicia", Murguía dera á luz, entre o 20 de Outubro e o 27 de Decembro de 1896, un tremendo alegato contra Dona Emilia, chamado "Cuentas ajustadas, medio cobradas", onde deixando pingando á monumental señora, xa desde a cita do encabezamento: "Uma lá da miha

aldeia, / que era muito impertinente, / muito má (e muito feia)", tomada do escritor luso João de Deus. Este alegato ten de formar parte da literatura de escarnio e maldicir, pero dito "a calzón quitado", que Murguía non era covarde, non.

Exemplar, tamén, desde o punto de vista saudadoso-reivindicativo, o prólogo murguián de "Obras completas" (Editorial Sucesores de Hernando, Madrid, 1909). E en xeral canto contén este volumen, con capa reproducindo esa foto na que se deixa ver Rosalía, co seu núcleo duro, esposo e fillos. Foto que non nos deixa de conmover diante de grupo en trance de agoirar, diríase, que despois deles nada, agás a obra sobranceira de Rosalía e a moi importante de Manuel Murguía. Tan atento a canto se falase da súa finada esposa, como podemos comprobar neste volume. Que comeza coa crítica que Murguía fixera en "La Iberia", pouco despois da súa publicación, de "La flor" (Imp. de M. González, 1857). Fala ben do libro, desde logo, por máis que a maiores de celebralo conclúa, dirixíndose á autora del: "queremos decir que en su libro hay muchos y muy grandes defectos". O que dito por parte de quen tentaba, disque, un achegamento máis que cordial, disque, coa autora, demostra que Murguía era todo un carácter.

Sen dúbida.